

A vila de Vigo no século XIX

Reconquista da vila de Vigo 2014

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo

Do 18 de marzo ao 20 de abril

De luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.

28, 29 e 30 de marzo: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Depósito legal: VG 172-2014 / Deseño gráfico: Juan Gallego Estudio Gráfico / Textos: Carmela González
Imaxes facilitadas pola Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello

J.J. Forrester. Plaza da Constitución de Vigo. [El traje gallego. Antonio Fraguas y Fraguas]



A vila de Vigo no século XIX

Reconquista da vila de Vigo 2014



Do 18 de marzo
ao 20 de abril

Casa Galega da Cultura



Patricia González Iglesias

Costureira tradicional

Comisaria

Os seus comezos foron da man da profesora de corte e confección de Saiáns, pasando a continuación a formarse como deseñadora de moda e patronista-escaladora.

Dende ben pequena forma parte do grupo de baile da Asociación Veciñal de Saiáns e recibe clases de música tradicional da man de prestixiosos e queridos mestres, que lle ensinan a querer a nosa tradición.

A mestura destes dous mundos fai que se introduza no mundo do traxe tradicional e este convértese no seu medio de vida e na súa paixón.

Crea o seu propio obradoiro de costura hai case 17 anos, onde investiga, diseña e confecciona artesanalmente traxes tradicionais, fundas para instrumentos a medida, vestidos para gaitas...

Dende hai anos, é a profesora responsable do curso de costura tradicional da Asociación Veciñal do Casco Vello de Vigo, así como do asesoramento e confección do vestiario da representación da Festa da Reconquista da Vila de Vigo.

Posuidora de diversas distincións, tales como Certame de Xóvenes Deseñadores de Camariñas, Certame de Promoción da Moda Vigoferia e Mostra de Novos Creadores de Moda da Xunta de Galicia, ten tamén participado en conferencias e exposicións (A Reconquista de Vigo no Museo Quiñones de León, Mostra do Traxe Tradicional Galego no Casco Vello do Concello de Vigo, etc.). Asemade, é autora do deseño seleccionado no concurso de ideas para o uniforme oficial do persoal educador e coidador das Galescolas, e ten deseñado e confeccionado parte dos vestiarios para obras de teatro e espectáculos.

Polo seu obradoiro teñen pasado e pasan na actualidade unha gran parte das xentes do mundo tradicional (asociacións, centros galegos no exterior, grupos, solistas, etc.), e honrase en traballar man a man con artesáns de instrumentos tradicionais da nosa terra. Unindo tradición e modernidade para expandir a súa actividade mediante as redes sociais, realiza encargos fóra de Galicia, dentro do estado español e para outros países europeos.

Escenografía


Un traxe non é simplemente un anaco de tea sen sentido, ten unha función práctica e estética que sería difícil de entender nunha exposición se non se sitúa nun escenario, nun contexto. Nesta exposición, os encargados de trasladarnos ao Vigo de 1809 é o alumnado de Escenografía da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

A titulación de Escenografía implantouse por primeira vez en Galicia no curso 2009-2010. Este ano fornecerá ao país dos seus primeiros egresados, profesionais da plástica escénica, do discurso dramático elaborado a través da luz, do deseño de espazos, da caracterización, da indumentaria... A escenógrafa e o escenógrafo non son simplemente decoradores, ilustradores ou creadores de beleza formal e simbólica. Son narradores a través do código visual, colaboradores en man común do feito colectivo que é o teatro, xunto aos intérpretes, os directores e os dramaturgos. A escenografía é a arte de escribir no espazo con letras tridimensionais que queren provocar no espectador un estímulo dinámico, son creadores de sentimentos e ideas no palco dun escenario, do stand dunha feira, nunha exposición que queira ser máis viva, en calquera contexto que requira do signo móbil que faga dialogar ao receptor co artefacto escénico.

2º de Escenografía da ESAD de Galicia

Carmen Romero Rodríguez
Profesora

Alejandra Ferreiro Comesaña
Amanda Seijas Sequeiros
Erick Puccioni Gerke
Vanessa Regengo Alonso



A vila de Vigo no século XIX



Cando os franceses ocuparon Vigo en 1809 atoparon unha vila de pouco máis de 2.000 veciños, que se movía a cabalo entre o nacemento da vida urbana e a vida rural, encerrada por unha muralla con seis portas que comunicaban, durante o día, os seus habitantes coa veciñanza de barrios como os do Berbés, O Areal, O Salgueiral ou A Falperra que quedaban fóra das murallas.

Os fogares eran reflexo da pobreza na que se vivía; non tiñan electricidade, nin auga corrente, nin rede de sumidoiros. Iluminábanse con faroís e a auga había que ir buscala á fonte, traballo que facían as mulleres transportándoa en sellas nas súas cabezas.

Polas reviradas, estreitas e empinadas rúas da cidade desenvolvían as súas vidas os homes e mulleres da vila, adicándose aos diferentes gremios. Os gremios dos ferreiros, dos sombreireiros (do que aínda se conserva o nome da rúa), dos prateiros, dos cesteiros, dos telleiros, etc, e o gremio do mar que se desenvolvía principalmente nos barrios extra muros do Berbés e do Areal.

Por esta época xa se asentaran en Vigo algunhas familias catalás para adicarse a conserva da salga do peixe. A súa chegada fai que se introduzan produtos foráneos, entre eles teas industriais que empezarán a mudar a nosa indumentaria.

Nas rúas mesturábanse roupas con feitura habituais na zona confeccionadas con tecidos de tear artesanal e roupas da mesma feitura pero de tecidos industriais foráneos (algodóns, rasos, etc.). Comézanse a ver saias, pantalóns, etc. feitas con estas novas teas máis lixeiras, estampadas e con máis colorido. Ao mesmo tempo introdúcense pezas novas traídas de fóra (chaquetas, pantalóns longos, etc.).

Desexamos que esta pequena exposición vos axude a coñecer un pouco máis o xeito de vida no Vigo do século XIX.